

**Descrición decreto: RECUPERACIÓN DAS FUNCIÓNS DE
ALCALDÍA DELEGADAS POR MOTIVO DE AUSENCIA DE ALCALDÍA**

Expediente TEDEC: 2023/X999/000035

**DON XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)**

En virtude do decreto 587/2023 de data 24/08/2023 delegouse a totalidade das funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde Jose Luis García Lopez , nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período de baixa médica do alcalde dende o día 28/08/2023 ata o día 02/10/2023

Tendo presente que a data de hoxe xa desapareceu a causa que motivou no seu día a delegación de funcións

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Recuperar as funcións de alcaldía delegadas no seu día en virtude e co detalle do decreto citado anteriormente no primeiro parágrafo desta resolución, dado que desapareceu a causa que motivou a súa adopción en tal data.

SEGUNDO.- Notificar este decreto ao titular da alcaldía en funcións aos efectos do seu coñecemento

TERCEIRO.- Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal o presente decreto para o coñecemento xeral dos cidadáns, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que esta celebre

En Arzúa firmado dixitalmente na data e hroa que figura ao marxe.

O Alcalde - Presidente

Dou fe, O Secretario



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Asdo.- XOAN XESÚS CARRIL RAMOS

Asdo.- JORGE BOADO FERNANDEZ